

XVI ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

24 e 25 de setembro de 2014

CURRÍCULOS

MIQUEL ÀNGEL PRADILLA CARDONA

Rosell, el Baix Maestrat. Profesor titular de Fonética e Fonoloxía e de Sociolingüística no Departamento de Filoloxía Catalana da Universitat Rovira i Virgili. Desde 2005, é membro numerario da Secció Filològica do Institut d'Estudis Catalans e membro do Consell Social de la Llengua Catalana da Generalitat de Catalunya. Desde 2009, é director da Xarxa Cruscat (de investigación sociolingüística) do Institut d'Estudis Catalans. Desde a Xarxa Cruscat coordina os informes anuais sobre o estado da lingua catalá impulsados polo Observatorio de la Lengua.

Publicou numerosos artigos en revistas especializadas (*Estudios de Fonética Experimental, Diálogos Hispánicos, Llengua i Ús, Noves SL, Terminogramme, Treballs de Sociolingüística Catalana, Estudis Romànics, Estudios Catalanes, Revista de Catalunya, L'Espill, Idees, Caplletra*, etc.) e participou en varias investigacións colectivas (*Atles Toponímic Valencià, Atles Lingüístic de la Comunitat Valenciana, Llengües minoritzades a l'Estat espanyol, Variació i models lingüístics a les Terres de l'Ebre, Organització articuladòria i canvi lingüístic, Atles Multimèdia Prosòdic Europeu Romànic, Estudi del canvi lingüístic de comunitats de parla en temps real*, etc.).

É autor dos libros *El Baix Maestrat: una cruïlla fonètica* (1996), *El laberint valencià. Apunts per a una sociolingüística del conflicte* (2004), *Sociolingüística de la variació i llengua catalana* (2008), *La tribu valenciana. Reflexions per a una sociolingüística del conflicte* (2008), *De política i planificació lingüística. Mirades contemporànies a l'ecosistema comunicatiu valencià* (2011) e *La Catalofonia. Una comunitat del segle XXI a la recerca de la normalitat lingüística* (en premsa); coautor de *Comentari lingüístic de textos. Teoria i pràctica* (1990), *La sociolingüística de la variació* (1995), *El joc ancestral de la paraula* (1997), *Multilingualism in Spain* (2000), *Ideologia i conflicte lingüístic* (2001), *Estadística sobre els usos lingüístics a Catalunya 2003* (2005) e *Enquesta sobre els usos lingüístics a Andorra 2004* (2006); coautor e editor de *El món dels sons* (1998), *Ecosistema comunicatiu. Llengua i variació* (1998), *La llengua catalana al tombant del mil·lenni* (1999), *Societat, llengua i norma. A l'entorn de la normativització de la llengua catalana* (2001), *Identitat lingüística i estandardització* (2003), *Llengua i literatura a les comarques de la diòcesi de Tortosa* (2003), *Història i territori a les comarques de la diòcesi de Tortosa* (2004), *Calidoscopi lingüístic. Un debat sobre les llengües de l'Estat* (2004), *Jornades de la Secció Filològica de l'Institut d'Estudis Catalans a Morella* (2006), *Art i lletres a les comarques de la diòcesi de Tortosa* (2008), *Herència patrimonial i sectors socioeconòmics a les comarques de la diòcesi de Tortosa* (2008) e *Terres de cruïlla. Estudis sobre les*

comarques de la diòcesi de Tortosa (2013); coeditor de *La lingüística de Pompeu Fabra* (dous volumes) (2000); e editor de *Fabra, encara* (2012).

PATXI BAZTARRIKA GALPARSORO

Ataun (Gipuzkoa), 1958. É licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade do País Vasco. Foi membro das Juntas Generales de Gipuzkoa (1990-1995), xefe de gabinete do deputado xeral de Gipuzkoa (1999-2003), concelleiro do Concello de San Sebastián (2003-2007) e viceconselleiro de Política Lingüística do Goberno Vasco no goberno presidido por Juan José Ibarretxe (2005-2009).

É autor de numerosos artigos en medios de comunicación, e impartiu conferencias en universidades e foros de diferentes países. Entre as súas publicacións cabe destacar o libro *Babel o barbarie. Una política lingüística legítima y eficaz para la convivencia* (Alberdania, Irún, 2010).

Na actualidade é viceconselleiro de Política Lingüística do Goberno Vasco, presidido por Iñigo Urkullu, desde decembro de 2012.

DAVID GUARDADO DÍEZ

Xixón, 1970. Licenciado en Filoloxía Inglesa e especialista en Lingua Asturiana e Tecnoloxía da Información Aplicada.

Despois do seu paso como bolseiro polo centro Mercator Media da Universidade de Gales, participou, en 1997, na creación de Asturias.com, un medio de comunicación en liña en lingua asturiana pioneiro no seu campo. En 2001, incorporouse ao grupo Editorial Prensa Ibérica, no que desenvolveu a súa carreira profesional e ocupou distintos cargos de responsabilidade; neste momento é o director de Comunidade e Usuarios da área en liña do grupo.

Dirixiu cursos organizados pola Academia de la Llingua Asturiana (ALLA) relacionados coas novas tecnoloxías e as súas aplicacións didácticas para a ensinanza do asturiano. Participou como profesor en diversos programas de formación do profesorado organizados polos Centros de Profesores e Recursos en Asturias. É profesor na Universidad Asturiana de Branu (UABRA), organizada conxuntamente pola ALLA e a Universidad de Oviedo. Foi relator en diversas edicións das Xornaes d'Estudiu da ALLA.

É autor do libro *Llingua estándar y normalización llingüística: la revitalización de les llingües subornadaes* (2008), no que segue tanto as fontes clásicas como as achegas máis recentes á disciplina e realiza unha análise do caso asturiano. Así mesmo, colabora en distintas publicacións con achegas tanto no campo das novas tecnoloxías como no da lingüística.

Membro activo da organización cívica Xunta pola Defensa de la Llingua Asturiana nos anos finais do século pasado, participou como patrón en 2001 na creación da Fundación Caveda y Nava, entidade que busca o consenso social arredor da consideración do asturiano como patrimonio común e fonte de dereitos cívicos.

Na actualidade, pertence á directiva de Reciella: Families pol Asturianu, unha asociación de pais e nais, creada en 2012, que ten como principal obxectivo a transmisión interxeracional da lingua asturiana.

FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ

Licenciouse e doutorouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, da que foi profesor titular de Dereito Constitucional antes de acadar a praza de letrado do Tribunal Constitucional por proposta do seu pleno. Tras oito anos no devandito órgano constitucional, regresou á Universidade e obtivo a praza de catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Valencia.

Así mesmo, exerceu a avogacía e constituíu e dirixiu a Fundación Democracia e Goberno Local, desde a que coordinou a realización de múltiples seminarios e a publicación de numerosos traballos, sendo o director da revista *Cuadernos de Derecho Local*.

No ano 2004, foi nomeado secretario de estado de Relacións coas Cortes; en 2008, secretario de estado de Asuntos Constitucionais e Parlamentarios; en febreiro de 2009, ministro de Xustiza e en 2010, como consecuencia da presidencia española da UE, presidente do Consello Europeo de Asuntos de Xustiza e Interior.

Nas eleccións xerais do ano 2011 foi elixido deputado no Congreso polo PSOE e, actualmente, é deputado no Parlamento de Galicia.

Como universitario e autor de numerosos artigos e libros, individuais e colectivos, propios da súa disciplina, especializouse en temas parlamentarios e nos relativos á xurisdición constitucional e á ordenación territorial do poder no Estado. Entre os seus libros destacan: *O mandato parlamentario*, Premio das Cortes Xerais, (1992), *El control de constitucionalidad de disposiciones reglamentarias* (1994), *Jurisdicción y procesos constitucionales* (1997), *El derecho de sufragio pasivo* (2000) e *La garantía constitucional de la inocencia* (2001).

Como xurista e responsable público, traballou directamente en moitas das leis aprobadas polo último Goberno socialista de España, desde a de violencia de xénero ata a de dependencia, tendo un especial protagonismo no último proceso de reformas estatutarias e na elaboración da Lei de memoria histórica. Sendo ministro de Xustiza, aprobou máis de vinte leis (concursal, xurisdición social, nova oficina xudicial, rexistro civil, novas tecnoloxías) e implicouse persoalmente na redacción e aprobación da orde europea de protección das vítimas, así como na elaboración do anteproxecto de Lei de axuízamento criminal.

ANDRÉS BARRERA GONZÁLEZ

Doutor en Ciencias Políticas e Socioloxía (Antropoloxía Social) pola Universidad Complutense de Madrid. Bolseiro Fulbright posdoutoral na Universidade de Chicago (1983-84). Profesor visitante na Universidade de Kent en Canterbury (1992-93). Jean Monnet fellow no Instituto Universitario Europeo de Florencia (1993-94). Visiting scholar na Universidade de California en Los Ángeles (1988), Berkeley (1989) e San Diego (2001); así como na Universidade de Harvard (2010-11). Investigador visitante no Max Planck Institute for Social Anthropology (2008). Desde 1992, participou en programas de intercambio docente Erasmus-Sócrates con varias universidades europeas. Membro do comité editorial/científico das revistas: *Ethnologie Française*, *Etnográfica* e *Anthropological Journal of European Cultures*.

Liñas de investigación: na actualidade son tres as liñas de traballo nas que está implicado: A) Diversidade cultural e lingüística: política e políticas sobre as linguas en España. B) Sistemas de educación superior en España e en Europa. O nicho académico das Humanidades: www.ucm.es/info/eurohum. A antropoloxía ante os retos da converxencia europea: www.ucm.es/info/antrosim. C) As expedicións científicas na historia da Antropoloxía: a súa contribución ao avance do coñecemento e a teoría.

Entre as súas publicacións cabe destacar: *La dialéctica de la identidad en Cataluña* (Madrid, CIS, 1985); *Casa, herencia y familia en la Cataluña rural* (Madrid, Alianza Universidad, 1990); "Eldest and younger siblings in a stem-family system: the case of rural Catalonia", *Continuity and Change*, 7(3): 335-55; "Language, Collective Identities and Nationalism in Catalonia, and Spain in General", *European University Institute, Working Papers* # 95/6; "Domestic Succession, Property Transmission and Family Systems in the Agrarian Societies of Contemporary Spain", *The History of the Family*, 3(2): 221-246; "La diversidad de lenguas en España en los últimos 25 años", *Llengua, Societat i Comunicació*, 2: 1-12; "Towards an Anthropology of Europe. Outline for a teaching and research agenda", en *Anthropology of Europe: Teaching and Research* (Praga, setembro-outubro, 2004); "Mapping Europeanist Research" en *Topics in Europeanist Research*, co-editor dun número especial do xornal *Anthropological Journal of European Cultures*, 18 (2); "Europe", capítulo en coautoría con Melissa Caldwell, Monica Heintz e Anna Horolets, *The Handbook of Sociocultural Anthropology* (Londres, Bloomsbury, 2013).

M. CARME JUNYENT FIGUERAS

Profesora titular de Lingüística Xeral na Universitat de Barcelona. Dirixiu diversos proxectos sobre as linguas da inmigración e é autora, entre outros, de: *La diversidad lingüística. Didáctica y recorrido por las lenguas del mundo* (1999), *El rol de les llengües dels alumnes a l'escola* (2013), coautora de *Diversitat lingüística a l'aula: construir centres educatius plurilingües* (2009) e *El libro de las lenguas* (2010), e editora de *Les llengües a Catalunya* (2005) e *Llengua i acollida* (2009).

ANTÍA PÉREZ-CARAMÉS

Doutora en Socioloxía pola Universidade da Coruña. Ten formación de posgrao en Demografía (Diploma de Estudos Avanzados na École des Hautes Études en Sciences Sociales, París). Na actualidade, é profesora contratada doutora na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña e membro do equipo de investigación ESOMI (Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais), grupo que leva máis de dúas décadas investigando sobre os procesos migratorios e as políticas públicas de xestión da mobilidade humana. As súas liñas de investigación inclúen a análise do proceso de inmigración internacional a Galicia, así como as políticas migratorias, ámbitos en que conta con numerosas publicacións.

ALBA NOGUEIRA LÓPEZ

Toba (Cee), 1968. Na actualidade é profesora titular de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela (acreditada para o corpo de catedráticos desde 5.10.2010). Licenciada en Dereito pola USC en 1991, realizou tamén unha Licence en Dereito Europeo e Internacional (opción: Droit européen) na Université Catholique de Louvain (setembro 1992-xuño 1993). Ademais, cursou estudos de especialización en materia de urbanismo e medio natural.

Doutora desde 1997 cunha tese sobre o "Réxime xurídico das auditorías ambientais", dirixida polo profesor Carro Fernández-Valmayor, realizada co apoio dunha bolsa de FPI e pola que obtivo o Premio Iurígama de teses de doutoramento. A formación investigadora completouse con diversas estadias en centros de investigación e universidades estatais e estranxeiros (Colexio de Europa de Bruxas, Instituto del Agua y de las Ciencias Ambientales na Universitat d'Alacante, Universidade de Harvard, Centre for Environmental Technology do Imperial College de Londres, Università di Bologna...) e a participación en proxectos financiados en convocatorias competitivas europeas, estatais e autonómicas.

Participou como experta no Steering Committee on Local and Regional Democracy do Consello de Europa. É membro do Observatorio de Políticas Ambientais e do Observatorio Galego de Dereitos Lingüísticos.

Desde 2007, elabora as crónicas lexislativas da revista *Llengua i dret*. No ano 2009 foi nomeada membro do seu consello científico. É membro, desde 2009, da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello da Cultura Galega.

Directora do curso "Universidades e pluralismo lingüístico: experiencias comparadas", no marco do Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade de Santiago de Compostela (xuño-xullo, 2008). Profesora do Máster Interuniversitario sobre Políticas Lingüísticas. Experta do Consello de Europa para participar no Seminario "Protection and promotion of Karelian and Finnish Languages in the context of Globalization".

As liñas de investigación principais encádranse no dereito ambiental, dereito administrativo económico, dereitos lingüísticos, dereito do turismo e dereito público autonómico.

Publicacións sobre lingua:

Libros: *Estatuto xurídico da lingua galega*, Ed. Xerais, 2005, 84-9782-263-3; *Shaping language rights: Commentary on the European Charter for Regional or Minority Languages in light of the Committee of Experts' evaluation*", Council of Europe, 2011; *Investigación e lingua. Propostas para a mellora da presenza do galego na actividade científica*, Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, 2013, 978-84-8158-631-2.

Capítulos de libro: "O galego no seo da UE: oficialidade lingüística na UE e liberdades comunitarias", en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística*, Consello da Cultura Galega, 2002; "A lingua e o Dereito", con Ferreira Fernández, X., en *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*, Museo do Pobo Galego, 2004, p. 191-212; "La legislació lingüística a Galicia, especialment en l'ambit de l'educació", en Alcaraz, Ferran, Ochoa (eds.), *Vint anys de la Llei d'Ús i Ensenyament del Valencià*, Ed. Bromera, 2005; "Avaliación da actividade investigadora e dereitos lingüísticos", en *Lingua e Investigación. II Xornadas sobre lingua e usos*, Universidade da Coruña, 2006; "Estatuto jurídico de la lengua gallega", en Pérez, J.M. (coord.), *Estudio sobre el estatuto jurídico de las lenguas en España*, Atelier, Barcelona, 2006; "Derecho a la educación, garantía de competencia lingüística y contenido de los derechos lingüísticos", en Álvarez Yágüez, J., Lago Penas, S., *La convivencia plural: derechos y políticas de justicia*, Ed. Bellaterra, Barcelona, 2009, ISBN 978-84-7290-438-5, p. 129-151 (este artigo saíu tamén en *A convivencia plural: dereitos e políticas de xustiza*, Xunta de Galicia-EGAP, 2008); "Dereito e plurilingüismo. Evolución normativa e garantía dos dereitos lingüísticos", en Monteagudo, H., (coord.), *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*, Consello da Cultura Galega, 2009, p. 77-99; "Linguistic diversity and constitutional recognition of linguistic rights in Spain", en AA.VV., *Direito, Língua e Cidadanía Global*, Lisboa, 2009, p. 282-297; "Education", en Nogueira López, A. (dir.), *Language rights in Europe, the European Charter for Regional or Minority Languages*; "A incidencia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias na programación do sistema educativo", en Villares Naveira, L., (coord.), *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*, Laiovento, 2010, p. 57-72; "Living on borrowed time: bilingual law teaching in Galicia, or the urgent need to recover prestige", en Arzo, X., *Bilingual Higher Education in the Legal Context Group Rights, State Policies and Globalisation*, Koninklijke Brill NV (en prensa).

Artigos: "Simplificación administrativa y régimen de control previo administrativo de actividades de prestación de servicios. ¿Hay espacio para los derechos lingüísticos?", *Revista Llengua i Dret*, nº 52/2009, p. 205-226; "Bélxica: o Estado trilingüe. Aproximación á regulación dos dereitos lingüísticos", *Administración e Lingua*, 1995; "La regulación del pluralismo lingüístico. Otra lectura del marco constitucional de los derechos y deberes lingüísticos", *Revista Vasca de Administración Pública*, decembro, 2000.

CARMEN ALÉN GARABATO

Catedrática en Ciencias da Linguaxe (Sociolingüística e Xestión de Linguas) na Universidade de Montpellier III. Foi profesora no Departamento de Filoloxía Galega (sección de Filoloxía Románica) da Universidade de Santiago de Compostela de 1997 a 2003.

A súa actividade investigadora céntrase fundamentalmente no ámbito da sociolingüística e da xestión do plurilingüismo, interesándose de maneira especial por dúas configuracións sociolingüísticas de tipo diglósico: a do occitano en Francia e a do galego en España. Entre os seus temas de investigación poden destacarse: a “norma” (*normativización e normalización*), as políticas lingüísticas, ou usos (socio)lingüísticos nas situacións de (forte) minoración, os índices da vitalidade lingüística... Tamén investiga sobre as políticas lingüísticas nas/das institucións europeas (Consello de Europa e Unión Europea) e, máis concretamente, sobre a aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

É autora de: *Quand le “patois” était politiquement utile. L’usage propagandiste de l’imprimé occitan à Toulouse durant la période révolutionnaire*, París, L’Harmattan, 1999; *Actes de résistance sociolinguistique. Les défis d’une production périodique militante en langue d’oc*, París, L’Harmattan, 2008, 208 p.; *Langues minoritaires en quête de dignité. Le galicien en Espagne et l’occitan en France*, París, L’Harmattan, 2009, 258 p.

Entre as direccións de libros colectivos e revistas que realizou pódese destacar: *Le galicien et la sociolinguistique galicienne à la conquête de la reconnaissance sociale*, *Lengas* 47, 2000, 192 p. (codirección xunto con X. P. Rodríguez Yáñez); *O occitano, lingua europea. L’occitan, lenga europea*, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2003, 97 p.; *L’éveil des nationalités et les revendications linguistiques en Europe (1830-1930)*, París, L’Harmattan, 2005, 290 p.; *Les langues de France au XXI^e siècle: vitalité sociolinguistique et dynamiques culturelles*, París, L’Harmattan, 2007, 304 p. (codirección xunto con H. Boyer); *L’enseignement des langues régionales en France aujourd’hui: état des lieux et perspectives*, Tréma, IUFM de l’Académie de Montpellier, n^o 31, 2009, 137 p. (codirección xunto con M. Cellier); *Quelle linguistique romane au XXI^e siècle?*, París, L’Harmattan, 2010, 294 p. (codirección xunto con X. A. Álvarez e M. Brea); *Gestion des minorités linguistiques dans l’Europe du XXI^e siècle*, Limoges, éd. Lambert-Lucas, 2013, 315 p.; *Histoire sociale des langues de France*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 2014, (codirección xunto con G. Kremnitz, K. Bochmann, H. Boyer, F. Broudic, D. Caubet, M.-C. Hazaël-Massieux, F. Pic et J. Sibille), 912 p.; *Los que fan viure e tresludir l’occitan. Actes du X^e Congrès International de l’AIEO (Association Internationale d’Etudes Occitanes)*, Béziers 12-19, xuño, 2014 (codirección xunto con C. Torreilles et M. J. Verny), Limoges, Éditions Lambert-Lucas, 2014, 1020 p.; *Regards sur le post-colonialisme linguistique*, *Mots. Les langages du politique*, n^o 106, pendente de editarse en novembro de 2014, Lyon, ENS éditions (codirección xunto con Henri Boyer).

Para consultar o seu CV máis polo miúdo:

<http://dipralang.upv.univ-montp3.fr/files/2014/09/AI%C3%A9n-Garabato.pdf>

XAIME SUBIELA PÉREZ

Naceu en Chantada e vive en Ames, politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades de estudos políticos e estudos internacionais.

Exerceu de investigador social e consultor público ligado á empresa Cidadanía —da que foi socio-fundador— entre 1998 e 2006 en temas relacionados coa participación cidadá, planificación estratéxica, normalización lingüística, desenvolvemento sustentable e coa cultura. Coordinador xeral dos procesos participativos das Axendas 21 das cidades do Eixo Atlántico (2003-2005), asesor da Consellaría de Cultura (2008-2009).

No ámbito lingüístico, foi director da investigación desenvolvida polo Consello da Cultura Galega que avaliou a política lingüística en Galicia —*O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*—; director técnico dos plans de normalización lingüística das cidades de Santiago e Ferrol; participou, tamén, na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004) como presidente da Comisión de Sociedade.

Neste campo, cabe resaltar o relatorio sobre lingua e democracia no Foro “Sociedades plurilingües” do CCG ou os artigos “Política lingüística en Galicia” en *A normalización lingüística a debate* (Xerais, 2002), “As razóns da lingua galega” en *Grial*, nº 179 (2008), “O idioma galego, alarmas e esperanzas” no *Informe Galicia 2010, Tempos Novos*, coordinado por Luís Álvarez Pousa e Xaime Subiela.

Foi decano do Colexio de Politólogos/as e Sociólogos/as de Galicia e profesor en diversos másters universitarios. Tamén é colaborador habitual dos medios *Tempos Novos*, *Praza Pública* e *Radio Galega*.

No ano 2012 recibiu o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio polo libro *Para que nos serve Galiza?*

Na actualidade colabora coa iniciativa política de base cidadá *Ames Novo*.

HÉCTOR M. SILVEIRO FERNÁNDEZ

Vilafranca do Bierzo, 1964. Licenciado en Filoloxía Clásica e profesor de Ensino Medio. Na súa vila natal foi un dos fundadores da Asociación Cultural Escola de Gaitas, a través da cal participa en diversos eventos musicais e promove múltiples actividades culturais, entre as que destacan as Xornadas da Lingua e Cultura Galegas no Bierzo nos anos 90. Foi vicepresidente da Mesa pola Defensa do Galego do Bierzo. Participou en distintos congresos e encontros relacionados ben coa etnografía, ben coa cultura e a lingua galegas no Bierzo. É, tamén, un dos impulsores da Comisión Cultural Martín Sarmiento, da que é coordinador desde o ano 2001, organizadora das denominadas Xornadas Martín Sarmiento, que na súa última edición (2014) celebrou o décimo segundo ano da introdución do galego nos centros de ensino da comarca; seguimento e apoio práctico que as ditas xornadas, entre outros aspectos, procuran establecer ano a ano. Dende o ano 2004, é académico correspondente polo Bierzo da Real Academia Galega.

Publicou numerosos artigos de carácter etnográfico e unha unidade didáctica sobre A Festa do Maio de Vilafranca (1996). Ademais, destaca o seu labor á hora de promover e preparar a edición, baixo os auspicios da Asociación Escola de Gaitas, das memorias das *Xornadas da cultura e da lingua galegas do Bierzo* (anos 1993, 94, 95 e 96), da páxina web bierzocultura.org, que coordina, e tamén, máis recentemente, coa etiqueta editorial Bierzo Tradicional levou a cabo a publicación de diversos materiais de carácter etnográfico, o DVD *A Festa do Maio de Vilafranca (2008)* e o libro *Palillos de madeira: Os xigantes de Vilafranca (2011)*, do que é autor. Sobre o galego no Bierzo interveu en multitude de congresos, encontros e charlas, e publicou, igualmente, tanto en prensa escrita como dixital, numerosos artigos. Sinalamos a seguir o seu relatorio no I Congreso da Lingua e Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora (Celanova, 1989) e, na súa segunda edición, a súa participación na organización e no documento de conclusións (Vilafranca, 1990). Tamén participou como relator nos VI Encontros para a Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega do ano 2002. Son varios os materiais divulgativos sobre o sabio bieito vilafranquino: *Martín Sarmiento: un ilustrado galego de Vilafranca*, achegamento biográfico editado na web Vieiros.com (2002), ademais do espazo audiovisual dedicado a este autor e o libriño na serie *Galicia Letra a Letra* (editados pola RAG e a TVG en 2012). Entre os distintos materiais elaborados para a promoción do galego nas escolas e institutos do Bierzo, ademais dos *Contos de maio* e dun vídeo sobre os maíos de Vilafranca, editados nos anos 90, e outros en que realiza un traballo de divulgación sobre Sarmiento (no seu tricentenario 1995), xa en 2001 inaugura os intercambios de experiencias escolares en galego (Bierzo-Pontevedra), como coordinador da Comisión Cultural Martín Sarmiento. Dende o ano 2005, dirixe unha publicación didáctica chamada *O mego da escola*, que pasa a ter unha versión dixital como blog no ano 2008. Arredor da difusión do autor do Rexurdimento berciano Antonio Fernández Morales, presentoulles aos docentes da comarca un caderno de propostas didácticas: *O Rexurdimento do galego no Bierzo*, o 17 de maio de 2011; ano en que realiza un relatorio na VI Escola Permanente Fermín Penzol titulado: “Morales e o Rexurdimento do galego nas escolas e institutos do Bierzo”. É un dos dinamizadores do blog *Morales 2011*.

Como académico correspondente realizou un discurso de ingreso, “Dos megos nos soutos”, editado no volume dedicado ao galego estremeiro titulado *A herdanza da lingua* (publicado pola RAG en 2004). Redactou varios informes e propostas de traballo sobre o galego no Bierzo e a introdución da materia nos centros educativos da comarca nos anos 2011 e 2014.